



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/53	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	10 de decembro de 2018
Duración	Desde as 20:05 ata as 20:20 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	NON
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 26 de novembro de 2018

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o 26 de novembro de 2018.

Expediente 5816/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada en data 21.11.2018 pola ASOCIACION VECIÑAL FONTENOVA (registro de entrada nº 13712), de data 21 de novembro do 2018, na que solicita que se coloque en rúa Testada un sinal de rúa cortada ao tráfico.

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente o informe emitido en data 25.11.2018 pola Policía Local, que di o seguinte:

"Os axentes despois de entrevistarse co presidente da asociación consideran mais adecuado complementar o sinal existente de entrada prohibida (excepto residentes, servizos e discapacitados), cun sinal de presinalización de calzada sen saída (S-15a) polo motivo que, no verán se orixinan moitos atascos co tráfico dos usuarios das praias".

Expediente 6000/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o escrito presentado por O.R.D., no que solicita un sinal de pasaxe permanente para o seu domicilio sito na Avda. de Bueu, nº X-Cangas.

A Xunta de Goberno Local, acorda autorizar a concesión de sinal de pasaxe permanente á Sra. R.D., de conformidade co informe favorable de data 04.12.2018 emitido ao respecto pola Policía Local.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



referido sinal.

Expediente 5980/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.V.L., con DNI nº X, na que solicita a concesión de un sinal de pasaxe permanente para instalar en rúa Os Castiñeiros-A Choupana.

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o informe emitido en data 03.12.2018 pola Policía Local, que di o seguinte:

"Xirada visita ao lugar na tarde do luns día 3 de decembro de 2018 e postos en contacto co solicitante, na que indicou polo miúdo o motivo da solicitude e os requisitos que lle existen desde o departamento de Urbanismo deste Concello, con base nisto cabe sinalar:

1º.- Actualmente non existe acceso para vehículos desde a citada rúa á vivenda que posúe o interesado no lugar, isto é, nin hai portal, nin o acceso está habilitado para a entrada de vehículos, así como tampouco de persoas.

2º.- Que no caso suposto de que existise portal de acceso habilitado para a entrada de vehículos deica o interior da propiedade, non observan inconveniente en acceder ao solicitado, xa que o cerramento da propiedade (finca) do solicitante linda cun espazo público, actualmente un xardín ou zona verde.

3º.- Se os técnicos deste concello o consideran axeitado, poderíase permitir o acondicionamento, como zona de transición entre a zona asfaltada e a citada propiedade do solicitante, como o espazo necesario para o acceso de vehículos. Esta medida levaría parella a eliminación de unha praza de estacionamento, para así conseguir o mencionado anteriormente".

Segundo.- Condiciónase a presente autorización de instalación de sinal de pasaxe permanente á finalización das obras indicadas no referido informe da Policía Local.

Expediente 5979/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por M.L.P.R., na que demanda un sinal de pasaxe permanente para instalar no lugar de Castiñeira, nº X-O Igrexario-O Hío. A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido en data 04.12.2018 pola Policía Local, acorda conceder autorización á Sra. P.R. para a instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de Castiñeira, nº X-O Igrexario-O Hío.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo,



Concello de Cangas

relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 5975/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por A.C.S., na que demanda un sinal de pasaxe permanente para instalar na entrada do garaxe sito no lugar de Longán, nº X-Coiro. A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido en data 04.12.2018 pola Policía Local, acorda conceder autorización ao Sr. C.S., para a instalación de sinal de pasaxe permanente no lugar de Longán, nº X-Coiro. Así mesmo, deberase proceder polos servizos municipais á sinalización horizontal na referida entrada de garaxe para facilitar a saída na beirarrúa de enfrente.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 5945/2018. Informe da Policía Local para sinalización de rúas peonís

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o informe emitido en data 02.12.2018 pola policía local de Cangas, referente a sinalización con motivo das obras en rúa Méndez Núñez, no que se indica o seguinte:

" Que unha vez rematadas as obras na rúa Méndez Núñez, debe procederse a declarar esta, entre a Praza do Señal e o fronte do Concello, como RÚA PEONIL, debendo incluírse na relación prevista na ordenanza reguladora. O panel de entrada debe ter a seguinte lenda: "ZONA PEONIL, PROHIBIDO CIRCULAR E ESTACIONAR AGÁS CARGA DESCARGA LABORAIS DE 8 A 12 E DE 16 A 18 HORAS MÁXIMO 20 MINUTOS E 3,5 TONELADAS E AUTORIZADOS MÁX. 10 MINUTOS". No interior da rúa están previstas dúas zonas de carga e descarga e un tramo autorizado para residentes fóra deste horario de descarga e na mesma zona, que deberá quedar así sinalizada. Os autorizados deberán solicitar e colocar distintivo zona peonil.*

** Paralelamente deberase proceder a pechar o acceso da rúa lateral do Concello e rúa Cuba, que tamén será peonil, polo que o aparcamento de corporación e autorizados concello, pasará a ter a entrada polo aparcamento de Ojea e reservado o actual espazo de tiro á chave, debendo acordarse esta situación pola Xunta de Goberno, así como o cambio de sinais para esta nova zona.*

** A policía e servizos municipais accederán pola parte lateral e posterior do concello, polo que se propón reservar o aparcamento lateral do edificio cara á alameda, para servizos municipais, catro prazas, os días laborais de 8,30 a 15 horas e permanente dúas para policía e dúas para discapacitados, ao ter que ser retiradas as existentes noutra lateral (rúa Cuba),*

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

polo peche e conversión en zona peonil.

A finalidade é a de que a rúa Méndez Núñez sexa o enlace peonil do casco vello coa praza e o contorno do Concello, por medio da ampliación do paso peonil existente".

Expediente 684/2017. Expediente nº 42/2016 de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº X, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 17 de maio do 2018, de M.L.G., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº X.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a M.L.G., por ter realizado no lugar de Rabáns-O Hío, as obras de un cerramento polo fronte da parcela a 4,00 metros do eixo do camiño visto o xustificante de pagamento obrante no expediente da sanción imposta".

Expediente 1334/2017. Expediente nº 37/2016 de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº X, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 7 de setembro do 2018, de J.O.R.M., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº X.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a J.O.R.M., por ter

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



realizado no lugar do Espírito Santo-Coiro, as obras dunha nova edificación, visto o xustificante de pagamento obrante no expediente da sanción imposta".

Expediente 515/2017. Expediente nº 35/2016 de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 25.10.2018 da instrutora do expediente de restauración da legalidade urbanística nº X, que é como segue:

"De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o xustificante de pagamento de data 18 de setembro de 2018, de E.G.N., con NIF nº X, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº X.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a E.G.N., por ter realizado no lugar de Donón-O Hío, as obras de unha caseta arrimada ao lindeiro, visto o xustificante de pagamento obrante no expediente da sanción imposta".

Expediente 6001/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.V.P., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos cincuenta e sete euros con seis céntimos (557,06 €) (doce euros con once céntimos (12,11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: douscentos dez euros con vinte e dous céntimos (210,22



Concello de Cangas

€/mes).

Número de horas: 46 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 5998/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.C.R.M., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento cincuenta e tres euros con setenta e tres céntimos (153,73 €/mes).

- Número de horas: 45 horas.

- Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 6006/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.C.N.S., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

- Número de horas: 20 horas.

- Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 6002/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.N.P., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) (doce euros con once céntimos 12,11 €/hora).

Achega económica da persoa usuaria: noventa e tres euros con corenta e cinco céntimos (93,45 €/mes).

- Número de horas: 35 horas.

- Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de febreiro de 2018.

Expediente 6007/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

Concello de Cangas



Concello de Cangas

* CONCEDERLLE a M.A.M.M., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento dous euros con trinta e un céntimos (102,31 €/mes).

- Número de horas: 35 horas.

- Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 6008/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.M.F., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento trinta e cinco euros con noventa e catro céntimos (135,94 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

- Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 6005/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a S.L.F.A.G., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> setenta e catro euros con dezaseis céntimos (74,16 €/mes).</p> <p><u>Número de horas:</u> 20 horas.</p> <p><u>Data de efectos de alta no SAF:</u> a partir do 20 de decembro de 2018.</p>	

Expediente 6004/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:</p> <p>* CONCEDERLLE a A.M.P., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:</p> <p><u>Prestacións:</u></p> <ul style="list-style-type: none">* Atencións de carácter persoal* Atencións de carácter psicosocial* Atencións de carácter doméstico <p><u>Custo total do servizo:</u> oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).</p> <p><u>Achega económica da persoa usuaria:</u> oitenta e cinco euros con trinta e dous céntimos (85,32 €/mes).</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 10 de decembro de 2018.

Expediente 5997/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a M.E.R.P., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 5996/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a A.B.B., con DNI nº X e con expediente nº X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Custo total do servizo: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: noventa e dous euros con cincuenta e seis céntimos (92,56 €/mes).

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 20 de decembro de 2018.

Expediente 6003/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.M.B. con DNI: X e con expediente X, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: cincocentos setenta e seis euros con vinte céntimos (576,20 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cincuenta e sete euros con sesenta e dous céntimos (57,62 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 10 de decembro de 2018.

Expediente 5418/2018. Variacións no Servizos de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.A.B.G., con DNI nº X e expediente nº X, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Data de efectos da baixa: 26 de novembro de 2018.

Expediente 3852/2018. Variacións no Servizo de xantar na casa

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

*Dar de baixa no Servizo de xantar na casa a A.S.S., con DNI nº X e con expediente nº X.

Expediente 6035/2018. Proposta de concesión de axuda económica de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta de data 07.12.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a concesión de axuda de emerxencia social, que é como segue:

"Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas (Pontevedra)

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por R.M.B., con DNI nº X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de trescentos sesenta e seis euros con trece céntimos (366,13 €)".*

Expediente 4597/2018. Expediente nº 30/2013 de restauración da legalidade urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar proposta da Alcaldía de data 08.11.2018, referente a expediente nº X, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal no lugar de Santa Marta, consistentes en: realizar un cerramento a base de tubos de malla metálica sen o recuado de 4,00 metros do eixo do camiño e sen deixar o espazo enrasado co camiño. Non foi realizada a tira de cordas polo técnico municipal.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 22 de xaneiro do

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



2014 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables, por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados: M.F.N.N., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a M.F.N.N., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.-. Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no



Concello de Cangas

seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente”.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850